


TERRA DE OUTES 67

Xullo - Setembro 2024

1€



nesten.

A xurisdición de Muros (XXVIII)
A situación socioeconómica no
Concello de Outes
Veciños discretos de Outes (VII)
Outes, natureza viva, fronte a unha
Galicia en zona de derruba
II feira náutica do Freixo
... e as nosas seccións habituais



Entrevista a...
Bárbara Romaní Tuñas

Editorial

A festa acaba de comezar??

AUnha vez máis quedamos coa cara a cadros, visto o visto nos resultados das pasadas eleccións europeas. Como vaticinaban algunhas rodas, o PP saía ganador, aínda que, coma sempre, ganaron todos, incluídos os que perderon deputados... e, se non, que llo pregunten ó PSOE... pero ganaron tamén. Non se conforma quen non quere? Xa se esperaba un resultado máis ca axustado, dende o inicio da campaña. No caso de Cidadáns levou un bo repaso, pois as actas que perderon papoullas o PP.

Despois afianzouse un pouco máis Vox, que dobrou os resultados de Sumar, mais veremos en que acaba, pois hai manifestacións de opinión en ámbolos sentidos. Agora, o que chama realmente a atención, e mais é para preocuparse e poñerse un pouco serios ó respecto, é a chegada ó Parlamento Europeo de xente que carreou votos con base a alburgadas e trolas do seu persoeiro de cabeceira, co nome de "Se acabou la fiesta", de bastante repercusión nas redes sociais, que é onde realmente se move este tipo de xentiña, expoñendo a diario loiadadas, estratexias groseiras, noticias varias, sen ningún tipo de veracidade... simplemente burrada tras burrada... mais parece que lles funcionou, pois xa teñen tres escaños, e agora a viviren do conto, pois d'iso se trata, ademais de buscala inmunidade parlamentaria que lle dará o feito de ser deputado, aforamento que agora lle vai vir de marabilla ante os xuízos pendentes... sen esquecer cobrar extremadamente ben e a espallar babecadas... pois algo quedará... Que país?? Así nos vai.

Tamén a desfeita dos partidos Junts, Sumar, Podemos, EH Bildu, BNG... quedaron un pouco deteriorados co paso polas urnas.

Outro dato para ter en conta é a subida desmedida do voto da ultradereita, tanto en Italia, Francia e Alemaña, con Vox incluído entre Meloni, Le Pen... e outras herbas que medran sen control por toda Europa, amosando os peores presaxios para o futuro común. Un mar de dúbidas...

II Feira Náutica – O Freixo

Unha vez máis, a nosa asociación Terra de Outes, ás rendas do seu presidente, Xesús Mato, colabora co Concello de Outes co fin de poñer en valor o patrimonio mariñeiro da comarca. Concretamente, referímonos á segunda edición da Feira Náutica do Freixo. Tal evento é un marco de expresión máis aló do próximo a calquera e fai parte dun espallamento gastronómico, musical e cultural en si mesmo. Toda unha experiencia vital.



Director: Xosé M. Vázquez Luhía-Especht

Xefe de Redacción: Mingucho Campos

Consello de Redacción: Xoán X. Mariño,
Manuel do Río, Lidia Vicente, Ramón Blanco

Edita: A.C.C. Terra de Outes

Maqueta e imprime: Grafinoia, S.L.

Correo electrónico: terradeoutes@gmail.com

Visita a nosa páxina web:

www.terradeoutes.com

Revista subvencionada por:



**Deputación
DA CORUÑA**



**Concello
de Outes**

Presentación do libro *Hórreos de San Cosme*

O pasado sábado, 11 de maio, tivo lugar, mediante a colaboración da asociación Terra de Outes co seu autor, a presentación dun novo libro de hórreos do concello de Outes, catalogación levada a cabo polo noso amigo e compañeiro Xoán Mariño, que nesta ocasión abordaba a parroquia de San Cosme. Estivo acompañado polo alcalde, Manuel González, nado na citada parroquia. Este último volume, que non derradeiro, numera as distintas tipoloxías de hórreos e, ó mesmo tempo, detalla as características de cada un, cunha pequena descrición ademais dun par de fotos e mailo

alcume da casa do propietario ou propietaria.

Neste exemplar prestoulle a colaboración acertada o noso tamén amigo Manuel Martínez, Manu de Sara ou, simplemente, Manu. Mención esta máis ca merecida, pola súa desinteresada colaboración e axuda entón.

Despois de concluído o acto, demos paso a un pequeno ágape entre os asistentes, facéndoos partícipes do último número da revista de Terra de Outes, que non foi unha presentación tal e como estamos acostumados... mais ilusionou tódolos asistentes.



Comida con Xoán Mariño

Xastre

O pasado 25 de maio tivo lugar unha xuntanza que será recordada... O anfitrión arriscado foi o expresidente da asociación Terra de Outes, quen xuntou a Kiko Vidal, Ramón Blanco, Marisol Tuñas, Lidia Vicente, Lola Pena e mais eu, tódolos que nalgún

momento formamos parte na directiva da mencionada asociación, que xa logo pasará a conmemorar os vinte anos de existencia e asistencia emocional, cultural...

O ágape tivo lugar na rural Casa de Roque, xerencia levada polo noso amigo Amando Akerman, quen unha vez máis non decepcionou. Aí botamos en falta o compañeiro Carlos Casas, que anda polos ventos do Xapón, feito un "au pair" do neto, e mailo próximo Xoán García, que nese mesmo día tivo que leva-lo seu fillo Miguel a ve-lo Dépor, pois estaba máis ca ofrecido. En fin, desculpados quedan os dous de sobra... mais para a próxima será mellor. Apertas.



A Xurisdición de Muros (XXVIII)

Interrogatorio da vila de Muros.

Respostas de 30 a 40.

Xoán F. García



Segundo se di no catastro, había unhas 71 lanchas de falca ("falca" quer dicer tabulada, feitas de táboas de madeira), referíndose ás lanchas do xeito, como as da imaxe.

30.º.- **Á trixésima**, que nesta vila hai un hospital chamado da Trindade que serve para hospedar sete pobres dos veciños desta vila, os que se asiste con catro marabedís mensuais en diñeiro; un reais cada semana de Coresma para aceite a seis deles e ao outro reais e medio; tres libras de carne ao ano a seis deles e catro e media ao outro, e a cada un dos outros seis doce marabedís por razón de leña e ao outro dezaoto, todo isto ademais da cama e a casa, para cuxo descargo ten de propios e rendas o dito hospital algunhas pensións que cobra de diferentes suxeitos, segundo consta na relación entregada polo mordomo, de cuxa fundación non hai memoria, e só si que a vila, a súa xustiza e rexemento están en posesión dos seus patróns e como tales nomean mordomo para a administración, manutención e bo coidado doutro hospital.

Así mesmo, hai outro hospital chamado dos Lázaros, que se reduce a tres casas que serven para hospedar e curar nelas algún pobre lázaro cando o hai e, cando non se aplican os seus alugueiros, co valor dalgunhas rendas forais e o produto dalgunhas pezas de terra para a manutención do outro hospital por ser do padroado doutra vila, de cuxos bens deu tamén relación outro mordomo, a quen se remiten, e responden.

31.ª.- **Da trixésimo primeira á trixésimo quinta inclusive**; que en relación ao que cada unha contén se remiten á lista xurada de todos os oficios que fixeron ante o presente escribán, antes facultades e ocupacións servís e mecánicas, e que entregaron e considerándose os labregos como xornaleiros mediante non hai individuo que traballe ao xornal, regulan dous reais a cada un o día que traballan, e responden.

36.ª.- **Á trixésimo sexta**, que na vila e o seu termo haberá corenta pobres de solemnidade, e responden.

37.ª.- **Á trixésimo sétima**, que nesta mesma vila hai oito pataches e oito pinazas, todos de navegar e transportar xénero aos portos do reino e estranxeiros e, así mesmo, hai

setenta e unha lanchas de falca e pesca, cuxas utilidades van reguladas na lista de oficios e utilidades que entregaron ao seu mordomo, a quen se remiten, e responden.


38.º.- **Á trixésimo oitava**, que os clérigos que hai no termo desta vila son oito: D. Julio Antonio Arredondo, prior da Colexiata, cinco cóengos actuais, –aínda que son dez na dotación–, e seis clérigos mercenarios, todos presbíteros, e responden.

39.ª.- **Á trixésimo novena**, que hai un convento de relixiosos en San Francisco, que se compón de gardián, vinte sacerdotes e cinco coristas e leigos, e responden.

40.ª.- **Á cuadraxésima**, que non ten a S. M. leira nin renda que non corresponda ás provinciais nin as xerais, a excepción das devesas e reais plantíos que deron por lista, e segundo ela constará, á que se remiten; e unha fortaleza, un castelo que se atopa protexido con doce canóns montados, e dentro do mesmo castelo dous almacéns: un para pólvora e outro para bala, como tamén constará por outra lista, e responde.

Todo o cal é a razón que poden dar ás respostas doutro interrogatorio, baixo o xuramento que os segresos fixeron nos autos, e nos que de novo se ratifican, é a verdade; como igualmente os peritos practicaren o seu oficio con toda a realidade, sen fraude, suborno nin polución, cuxa declaración viron, leron e entenderon, e aprobárona, confirmaron e ratificaron. Asinaron os que souberon co señor subdelegado, menos outros curas; e polos que non, outros no seu nome. De todo o cal eu, escribán, dou fe.

Don Cecilio Morphi, don Francisco Alejandro de Silba, Domingo Antonio Malvarez, Blas Joseph Malvarez Caamaño, Domingo Antonio Martínez, Juan de Malvarez, Domingo Antonio Fernández Duque, Carlos de Evia y Barrera, Miguel Camiña, Juan de Ces, Genuario Nodal, Juan de Mayo. Polo rogo de Francisco Gallego, ante min Domingo Romero e Caamaño.



A Óptica da túa confianza!

Malecón de Cadarso, 3 (Xunto á ponte de San Lázaro) - Tif. **981 82 42 60**

NOIA


A situación socioeconómica no Concello de Outes

Adrián Dios Vicente

Neste artigo repasaremos algunhas cifras que nos indiquen a actual situación socioeconómica do noso concello, que nas últimas dúas décadas viviu importantes mudanzas.

En primeiro lugar analizaremos a poboación. No ano 2023, Outes contaba con 6.087 persoas, o cal quere dicir que representamos o 0,23% da poboación galega. A estrutura de poboación de Outes ten varias características: en primeiro lugar, vivimos un importante descenso da poboación, xa que nas últimas dúas décadas perdemos o 26% de veciñas e veciños, mentres que a poboación galega se mantivo estancada. Nese sentido, Outes mantén unha posición similar á doutros concellos rurais do país.

En segundo lugar, a poboación está avellentada, cunha idade media de case 54 anos, seis anos por riba da idade media da poboación galega. Outro xeito de vermos este avellentamento é a través da cantidade de mocidade, e o dato non deixa lugar ás dúbidas: mentres que en 1991 había 1.609 menores de 15 anos, na actualidade xa só hai 496. En terceiro lugar, o motivo deste saldo vexetativo negativo vén determinado polo feito de que o índice de mortalidade multiplica por catro o índice de natalidade. É dicir, por cada persoa que nace en Outes morren catro.



En cuarto lugar, hai un elemento que contribúe a evitar que a caída da poboación sexa maior: a inmigración. No ano 2001 a poboación estranxeira era case inexistente en Outes; só 16

persoas, o 0,2% da poboación, mentres que na actualidade esa cifra aumentou até as 131, o cal representa o 2,15% da poboación do municipio. Este dato é interesante porque Outes

ten aínda moita capacidade para atraer poboación migrante, xa que a poboación estranxeira en Galiza supera o 5%. É dicir, a Outes chega a inmigración, pero máis lento do que chega a outros lugares (particularmente as áreas urbanas).

Este perfil de poboación é importante porque é máis moza, o cal ten tres efectos directos: maior capacidade de ter fillas e fillos e, polo tanto, ao medio prazo pode tamén aumentar a natalidade; forma parte da poboación activa, o cal xera emprego e tamén actividade económica; e contribúe con impostos e cotizacións sociais, financiando as prestacións sociais das nosas persoas maiores. Así, tanto no demográfico como no socioeconómico son elementos positivos para un concello das nosas características.

Para finalizar este apartado de poboación, e xa ligado ao económico, unha pequena visión da situación laboral tamén é interesante para coñecermos de onde perciben os ingresos as nosas veciñas e veciños. En primeiro lugar, un dato curioso: o número de persoas con emprego é case o mesmo que o número de persoas pensionistas: contamos con 2.139 persoas afiliadas á Seguridade Social e 2.183 persoas pensionistas, polo cal, claramente, as prestacións sociais son fundamentais para o benestar das nosas veciñas e veciños.

O indicador máis habitual para coñecer a situación económica dun territorio é o Produto Interior Bruto (PIB), aínda que é un indicador con limitacións para a análise local, como veremos a continuación. O PIB mide o conxunto de bens e servizos que se producen dentro dunha economía e, no caso de Outes, para o ano 2020 (último ano con datos dispoñibles) foi duns 73 millóns de €. Se vemos a evolución dende o ano 2010, o crecemento foi case nulo (tan só o 0,2%), moi inferior ao crecemento da economía galega (que medrou un 3,2% na década, tampouco unha marabilla). Esta situación ten bastante sentido para o noso concello, porque, como a poboación cae, hai menos persoas para producir. Polo tanto, é máis interesante avaliar o que acontece co PIB per cápita, é dicir, a produción que corresponde en relación co número de persoas. Neste caso, se o PIB municipal se repartise a partes iguais entre os veciños e veciñas, corresponderían 12.000 € por persoa. Esta cifra é moi inferior á do PIB per cápita medio en Galiza, que está nos 21.700 €.

De todos os modos, aínda que é un dato que pode servir de referencia, o PIB pode dar problemas na análise municipal porque, se hai algunha empresa cun importante volume de produción, esta cifra aumenta de xeito substancial, sen

necesariamente significar unhas mellores condicións de vida para a poboación. Como exemplo desta situación, o concello con maior PIB per cápita de Galiza é Muras (que non Muros), na provincia de Lugo, que conta co mérito de ser o concello galego co maior número de muíños eólicos. É dicir, a enorme produción eléctrica do concello provoca un moi grande PIBpc, pero iso non fai que os habitantes de Muras teñan as mellores condicións de vida de Galiza.

Para evitar este problema, o indicador máis útil é a renda dispoñible. É dicir, non contar só o que se produce no concello, senón os recursos que a poboación do concello efectivamente ten. Así, agora habería que reducir, por exemplo, os beneficios de empresas que son de fóra do concello (como os eólicos en Muras, que teñen propietarios de fóra do concello, claro) pero integrar outras rendas que poden ter os seus habitantes (como, por exemplo, as pensións). Aquí, as cousas melloran para a poboación do noso concello e visibilizamos claramente que existe un proceso de redistribución entre o rural e o urbano. A renda dispoñible por persoa en Outes é de case 15.000 €, mentres que para Galiza esta cifra é de 16.200 €. É dicir, continuamos por debaixo pero moito máis próximos á media.

Como curiosidade, se analizamos a renda dispoñible per cápita, Oleiros convértese no concello líder de Galiza con case 23.000 €, mentres que Muras desaparece da parte alta da clasificación e se sitúa como un dos concellos máis pobres, con tan só 11.700 €. Como reflexión sobre isto, é importante coñecer os indicadores que empregamos para analizar a realidade que nos rodea ou podemos chegar a conclusións equivocadas: o PIB é un bo indicador da actividade económica, pero non da riqueza, e non sempre ter moito PIB provoca maior benestar para a poboación.

Polo tanto, a situación socioeconómica do noso concello non é moi diferente á que se dá no rural do Atlántico galego. En termos demográficos, prodúcese unha caída da poboación, unida á elevada idade media, á grande taxa de mortalidade e á escasa (aínda que crecente) inmigración. En termos económicos, o concello non conta cun elevado potencial produtivo, polo cal o PIBpc é claramente inferior ao galego. Non obstante, o efecto das transferencias (particularmente o sistema de pensións) suaviza esta desigualdade, polo cal a renda dispoñible das nosas veciñas e veciños é bastante similar (aínda que inferior) á da poboación galega.

Veciños discretos de Outes (VII)

Cuscuta epithymum, as barbas do raposo

Emilio del Río

Nos meses finais da primavera e no principio do verán podemos ver por touzas, toxeias e grañas de monte raso de Outes unhas matas amarelas, laranxas e vermellas de fíos de menos de 1 mm de diámetro que parecen caídos do ceo, coma se fose algodón de cor espaxado por riba das matas de toxo arnal (*Ulex europeus*) (fig.1) e, en moita menor medida, de xesta, uz ou breixo e dalgunhas herbáceas ou trevos. Trátase, realmente, da gorga (cuscuta), unha planta parasita que se fai especialmente visible nestes meses do ano.

Como tal planta parasita que é, ten certas peculiaridades. Por exemplo, non ten follas practicamente, senón apenas uns pequenos rudimentos, xa que non as precisa, porque non fai a función clorofílica senón que aproveita os azucres, a auga e os nutrientes directamente da propia planta que

parasita. Tampouco, pola mesma razón, ten cor verde: non ten clorofila porque non precisa realizar a fotosíntese: vive do traballo alleo. Adórnase, iso si, de cores, amarelo, laranxa e vermello, dos carotenoides e antocianinas que ten e que lle serven de fotoprotector fronte a intensa radiación ultravioleta destes meses. A diferenza dos mamíferos, réptiles e insectos, que poden buscar a sombra cando lles é necesario, as plantas non se poden mover e teñen que modular o posible dano solar dosificando a cantidade de clorofila que despregan ao sol (coma placas solares) ou, polo contrario, usando substancias fotoprotectoras como as mencionadas antocianinas e carotenoides.

As cuscutas líganse fortemente á planta parasitada por unhas estruturas a modo de arpón que se denominan “haustorios”. As flores son moi pequenas, brancas e



Figura 1. Gorga (*cuscuta*) sobre unha póla de toxo arnal nos altos do Tremuzo sobre o val do Tins e o esteiro do Tambre. Como planta parasita que é, non precisa clorofila nin cor verde e, pola contra, ten carotenos e antocianinas que actúan como pigmentos fotoprotectores vexetais.

agrupadas (fig. 2). As sementes son pequenas e caen ao chan, onde xerminan, e, nesa fase inicial, fan, aí si, certa función clorofílica. Con todo, cando alcanzan 8-10 centímetros de altura, se non atopan unha planta á cal parasitar, morren. Sempre que atopa un hópse, que busca sempre enroscándose no sentido das agullas do reloxo, a parte que estaba ancorada á terra seca e pasa a

aproveitarse completamente da planta parasitada. O nome popular de “barbas de raposo”, probablemente, vén da nula utilidade na agricultura ou gandaría, amais do seu carácter montés e agreste. Aínda que ten certos usos na tradición da medicina popular: a cuscuta úsase como remedio ou menciña laxante e tamén, probablemente por reminiscencias atávicas, como afrodisíaco.



Figura 2. Detalle dos talos e das flores de *cuscuta*. Os talos teñen sempre menos de 1 mm de diámetro. As flores son pequenas, brancas e agrupadas, sempre situadas nas cimeiras da planta parasitada, para unha mellor dispersión das sementes

Outes, natureza viva, fronte a unha Galicia en zona de derruba

Pilar Sampedro



Xoán Mariño

Unha ILP (Iniciativa Lexislativa Popular), con máis de medio millón de sinaturas (615.000) levadas ás Cortes Xerais españolas, forzou a declaración do Mar Menor como

entidade con personalidade xurídica, conseguindo así unha defensa dos seus dereitos para facerlle fronte ao maior desastre ecolóxico de Europa. A lei foi publicada no BOE e

entrou en vigor no 3 de outubro de 2022. Por primeira vez conseguírase a entidade xurídica para un ente xeográfico, para unhas augas.

O pasado verán realizouse unha reunión de defensores de augas en perigo en Europa con algún representante doutros continentes alí, nun dos concellos (Los Alcazares) que máis sufrira esta deterioración (perda de turismo e desvalorización das propiedades, xunto co horror de ver a máxima xoia convertida nun vertedoiro), para celebrar o éxito desta loita e tomar nota para a defensa das correspondentes augas.

Neste momento lóitase pola supervivencia cunha lagoa salgada que está deixando de selo (onde van os tempos en que os bañistas se mantiñan flotando sen necesidade case de moverte e saír da auga envoltos en sal) pola abertura dunha pasaxe entre o mar Menor e o Mediterráneo para o paso de embarcacións de recreo e cunhas augas que perderon a calidade e transparencia, pero tamén a vida (cunha mortalidade de fauna e algas dignas de lle mostrar ao mundo).

Tiñan un tesouro e mataron a galiña dos ovos de ouro. Unha terra seca que co transvasamento Tajo Segura consegue auga e a inviste nunha agricultura acelerada con tres ou máis colleitas anuais (claro que nas mans de multinacionais) e campos de golf. Un mar que era lagoa todo el, un talaso ao cal viaxaban persoas de todas as partes buscando saúde. Aínda que, xa no “desarrollismo”, lles fixeran crer que tiñan dereito a destruír o que se lles legara e converteran a chamada Manga do Mar Menor nunha pasarela de rañaceos que moitas veces daban aos dous mares e nos cales presumían de que puxeran o seu paraíso ao servizo de moita xente.

Nada é eterno cando non se cuida e se deixa nas mans dos depredadores. Ese exemplo está aí á vista de todo o mundo coa continuación das verteduras, pese a todo, porque o goberno autonómico está nas mans dos que defenden as grandes compañías e non os pequenos agricultores (aínda que eles se deixen enganar) e mentres non cambien os votos nada se poderá amañar, como non se soluciona en Doñana ou en Galicia co empeño en colocar eólicos en todas as partes, sen importar o que destrúen, ou celulosas ou o que lles pague o gran capital aos seus servidores.

Niso, cando o Concello de Outes (dise que con investigadores, ecoloxistas, grupos políticos e veciños) consegue a declaración de primeiro río con dereitos para o Tins. Especies invasoras, contaminación e desatinos de

variados tipos castigaron o río, ao cal agora a corporación municipal recoñece por unanimidade dez dereitos e catorce compromisos para que sexan respectados. Para iso poden utilizarse os cartos europeos, para crear riqueza en lugar de destruíla (léase Altri e mil proxectos que andan mirando con malos ollos para o noso país). Só queda felicitar a sociedade civil de Outes, confiar, de novo, nos representantes políticos e veciñais que coidan do ben común e apoian un futuro para a natureza. Porque cando non se fai así, xa sabemos, tarde ou cedo veñen as enchentes, as augas mortas, a fealdade e o “feísmo”. E non só iso, perdemos a oportunidade de que os fillos e os fillos dos fillos (léase sempre rematados en “os” e “as”) teñan que continuar buscando outros lugares no mundo para traballar e realizar os seus soños. O poeta Añón e a boa xente que antecedeu o presente miraría con orgullo para quen traballa polas Terras de Outes, tal como recolle o nome da asociación que promove esta publicación.

Eu queredría contar con xente así en todo o país, xente que defenda as Terras de Galicia e consiga unha declaración de entidade xurídica para este paraíso que andan a destruír as grandes fortunas e as persoas que non miran máis alá do seu embigo. Meréceo! Todos coñecemos o chiste aquel de deus creando o mundo e no repartimento deixando nesta esquina moito bo facer e cando un anxo lle pregunta pola diferenza con outros países nos que non deixou tanto a resposta é magnífica: “é que non sabes a xentiña que lles vou poñer”. Pois si, a nós fállannos eses irmáns pequenos aos cales se refiren os indíxenas cando encontran o home branco destrutor, o colono que só mira para a súa parcela, o investidor que só observa o seu beneficio no medio dun territorio devastado.

Ogallá ande a producirse un cambio de paradigma e poidamos coidar do planeta, comezando polo que temos máis próximo, anaco a anaco, cada un o seu e entre todos a Terra.



Entrevista a...

Bárbara Romaní Tuñas - Capitá da Mariña Mercante

Bárbara Romaní Tuñas, Romaní por Esteiro e Tuñas por Santo Ourense (para quen a coñecemos un pouco, "A Capitana"), non deixa de nos sorprender, pois é un referente na súa actividade no mundo mariñeiro, no cal a presenza feminina non deixa de ser residual, nun principio, aínda que cada vez vai collendo a súa máis que merecida importancia, e é algo de agradecer, grazas ó traballo que levan a cabo xente coma ela. Nese sentido, podemos afirmar que estamos ante unha pioneira nun sector moi arraigado no tempo a traballos dos homes.

Comezou a navegar ós 18 anos e, pesar da súa idade, xa leva moitos nesta actividade, na cal acumulou arredor duns

25 anos de navegación por todo o mundo, cunha bagaxe chea de anécdotas de todo tipo. Tras navega-los mares, tomou a decisión de se ancorar na terra, na seca, para así desenvolver maiores responsabilidades.

Mais, a xénese de toda esta historia vén da man do seu pai, quen tiña un vínculo co mar directo, pois era armador de buques mercantes, e xa dende cativa, nas terras da veciña Esteiro, noutrora territorio do concello de Outes, foise impregnando nese olor ó salitre e ó vento mareiro...

A súa crianza, coma a dos seus irmáns, tivo lugar en Esteiro, mais, tralo bacharelato, tomou a decisión de se deixar arrastrar polas ondas e, a finais dos anos 80, matriculouse na Escola Superior de Náutica da Coruña, onde foi a única alumna desa facultade. Recalca que, no mundo, a porcentaxe de mulleres adicadas ó medio mariño é dun escaso 1% do total. Unha minoría notable. Polo cotián segue residindo na citada cidade, aínda que cada vez é máis habitual coincidir con ela en pequenas escapadas para a casa da súa nai na Serra de Outes.

Como alumna en prácticas, navegou na compañía Elcano, na cal fixo travesías ata África e, mesmo, ás minas de bauxita





nos Estados Unidos. Tamén acabaría traballando para distintas compañías, tanto galegas, vascas coma, mesmo, italianas.

Trala súa graduación, e nos primeiros contactos coa vida laboral nos barcos, deuse de conta de que o que tiña estudado pouco tiña que ver con esa realidade, xa que da que os buques estaban moi informatizados e os coñecementos nesa área tivo que buscalos pola súa propia conta. Tamén se topou coa crúa realidade, esa reacción negativa por parte do persoal masculino, remiso a ter como compañeiras mulleres máis ca preparadas, pois o sector era moi cerrado a ese tipo de situacións. Foron cambios lentos no tempo, pero hoxe en día evolucionouse moito a ese respecto. Mais afirma, rotundamente, que foi moi duro neses comezos.

Tamén nos confirma que a vida nos barcos non era como ela esperaba nun principio, aínda que todo se vai complicando a medida que ían collendo máis responsabilidades. O mando condiciona moito, e máis entre homes. Remarca que aínda hai moita resistencia a que estean nos barcos; pese a facer un bo traballo, séguelles a custar moito ese recoñecemento, do traballo ben feito, por parte da tripulación maioritariamente masculina.

Recoñece que a vida no mar, embarcada nesas bestas de petroleiros, acaba sendo moi solitaria, pois coller confianza é unha tarefa máis ca complicada. Tamén hai bos momentos, pero son os menos, polo xeral cada un vai ó seu ar, sen moitas complicacións. E, como ás mulleres lles miraban o traballo con lupa, debíanse esforza-lo dobre có xénero masculino, mais, á forza de perseveraren, foron saíndo adiante.

Con máis de vinte anos navegando polos mares de todo o mundo, tamén se lembra de que ten aportado a países nos cales estaban en total desacordo con que na tripulación houbera mulleres. A anécdota recente foi coa invasión rusa no territorio ucraíno, pois andaban polo porto de Odesa, xunto cun compañeiro, tomando unhas cervexas, e coa mesma saíron por patas, pois a cousa comezaba a se complicar.

Tras pasar por grandes temporais, calmas ecuatorianas, ou atravesalos xeos do Polo Norte, tamén retén na memoria vivencias das visitas ós canais de Corinto, Suez ou Panamá, entre tantas.

Despois de todo, hai xa 6 anos, un día, a piques de embarcar uns cantos meses como tantas veces tiña feito nos últimos tempos, foi consciente de que -palabras textuais- a maleta xa comezaba a pesar e decidiu que era o momento de buscar novas experiencias, no mesmo sector pero neste caso na terra firme, sen tanto balanceo, máis lineal no concepto emocional e laboral. Na actualidade, ademais de inspectora de cargas e descargas de cereais en tódolos portos galegos, asume o cargo de delegada para Galiza da compañía holandesa Control Unión na Coruña e realiza peritaxes e certificacións no ámbito dos seguros marítimos. Toda unha grande responsabilidade.

En fin, seguiremos a vela pola Serra e departindo un pouco de todo, día a día, coma a vida mesma. Apertas



Físifo

Henrique Álvarez

Estaba abstraído. Sabes cando estás fóra da realidade pero non necesariamente pensando, ou polo menos non pensando coa linguaxe? Pois así estaba eu. Debéuseme transparentar na cara, porque foi o Hesíodo e interpeloume:

- Un óbolo polo que estás pensando.

Si, ho, como se non soubese que estás escribindo outro libro e pensas encargar copias para vendelas a bo prezo. Vouche contar agora unha historia de heroes e deuses da miña colleita para que despois digas que é túa, vou.

- Non é nada -sorrín, retranqueiro, porque segundo falaba estábame ocorrendo como mandarlle de volta a súa cobiza-, só lembraba unha historia graciosa que me contou hai tempo un comerciante que coñezo, un que anda moito na ruta do estaño.

Vinlle brillar os ollos cun reflexo financeiro e pailaroco. Envolvinme mellor no quitón, porque Bóreas traía xa a aquela hora as frías néboas do Copaide e comecei:

- Convideino a xantar no da Dafne e, mentres baixabamos un branco que lle traen da ribeira das Casitérides acompañando unhas nécoras moi ricas que a vella fai no seu punto, empezou:

“Pois verás, o rapaz saíume como todos agora, que se Tik-Tik, que se Instagrom, se por el fose pasaría o día enganchado no móbil. Un xa queredo que non se alienase con iso, pero como todos guían por aí, conformámonos con que estea mirando a pantalla o menor tempo posible. Xa sabes, falámoslle, buscamos xogos, imos de excursión con el, esas cousas. En fin, que tentamos que vaia indo algo dereito e conserve a súa individualidade, quero dicir que lle prestamos atención. O caso é que hai uns meses, era polas Leneas e chegamos algo tarde á casa e máis que algo contentos. Fun directo para o dormitorio, pero a Irene quixo mirar se o mozo durmía. Estaba eu sentado na cama, tentando quitar as sandalias e pensando se espirme ou deixarme caer como estaba, cando chegou ela ao cuarto co rostro demudado. ‘Aí, Crisanto, que o neno está facendo un ritual’. ‘Que dis, muller? Estará xogando’. ‘Non, que é un ritual. Axeónllase, levanta o cobertor, mete a cabeza debaixo

da cama, érguese, e volta a empezar’. ‘Bo, mañá falo con el’.

Non durmín ben, sería o viño pouco agado, sería que pensei que o rapaz podía ter un TOC e me preocupe. Ao outro día, cando amansou un pouco a dor das tempas, falei con el. Non era TOC nin gaitas. O do raio do pícaro era medo, levaba tempo facéndoo, confesoume, miraba debaixo da cama para ver se había algo ou alguén axexando, e tiña que volver mirar varias veces máis por se o enganaran os ollos.

Non estaba eu moi fino, así que quizais os argumentos que lle dei non eran os máis axeitados. Púxenme serio e díxenlle ‘Mira, Alcide, para espantar ese medo tes que empregar a lóxica. Pénsao deste xeito, un monstro, un xigante, un ciclope nunca podería agochase debaixo da túa cama, porque non colle. Por outra banda, se os ladróns ou os asasinados se ocultasen debaixo das camas, non bastaría con que mirases debaixo da túa; terías que comprobar todas as da casa. Ademais, se un ladrón ou un asasino se escondese debaixo da túa cama, vería que o estás buscando antes de que ti o vises a el; mal negocio’. Sei que lle dei algún argumento máis polo estilo, opoñendo a lóxica á superstición, pero agora non me lembran. Funcionou, deixou de facer o ritual e co tempo ata perdeu o medo.

Pois o caso é que onte mirabamos a Irene e mais eu na TeleÁtica unha reportaxe sobre as longas colas de peregrinos no santuario de Delfos e, cando rematou, vai o carallo do rapaz e dime ‘Pai, vostede cre nos deuses?’ Quedei un chisco bloqueado pensando que pregunta é esa, pero

respondinlle ‘Creo’. E vai el e sóltame ‘Pois xa vai tendo idade de deixar de mirar debaixo da cama’.” Fixen unha pausa dramática, antes de rematar:

- Esa é a historia que el me contou e así cha conto eu.

Se as miradas cortasen, a que me lanzou o Hesíodo teríame partido pola metade.

- Homero, es un cabrón.



Inexistencia

Eloy Hervella

Vou camiñando pola rúa Galeotes. É unha hora tranquila dun día primaveral. Hai pouca xente e doume de conta de que paso completamente desapercibido. Por esta razón sintome tranquilo.

Vexo un coñecido. Fago o ademán de saudalo. Pasa ao meu carón, saúdoo, pero el non me responde. Imaxino que iría distraído coas súas cousas. Sigo camiñando devagar.

Un intre despois crúzome cun do círculo íntimo de amigos. Detéñome para falarlle. Pero el segue o seu camiño coma se non me vise.


Vou detrás del. Dígolle cousas, tento detelo... Pero nada. É coma

se eu fose transparente, coma se non existise, alguén que está nun plano distinto da realidade.

Asústome. Ninguén me recoñece.

Ninguén me ve. Ninguén me oe...

Espertei, asustado.



Resurrección

Jorge Sacido Romero

–Velaí vén o Xesús ese do carallo– dixo o máis vello dos catro rapaces. Estaban nunha esquina do aparcadoiro do tanatorio propiedade da súa familia. O aludido era novo na vila. Viñera cos seus pais a finais de xuño. Quería ter amigos e foi ó aparcadoiro porque un deles, que lle tocara como compañeiro no instituto, llo comentara de pasada. A nai de Xesús, María, era a nova arquitecta titular do Concello e o seu pai, Xosé, coidaba da casa. A nai iniciara un expediente de demolición do tanatorio por estar construído nun terreo ilegal.

Xesús foi detrás dos rapaces, que camiñaban cara a un alpendre ruinoso que o pai do rapaz máis vello usaba como almacén. Empurraron a porta do alpendre e entraron. Había cousas ciscadas polo chan e todo estaba cuberto de po. A luz de finais de setembro coábbase entre os ocos das tellas dun teito afundido e con trabes podres. Estaba sos-



tido por troncos delgados de eucaliptos novos con cuñas de piñeiro arriba e abaixo. Xusto no medio había un cadaleito de madeira escura. Camiñaron cara a el.

–Quen se atreve a deitarase dentro?– dixo o máis vello. Os rapaces calaron. Xesús, porén, quedou pensativo. Se vencía o medo quizais sería aceptado polo grupo.

–Métome eu– dixo.

–Así me gusta, rapaz– contestou o máis vello cun estraño sorriso. Deitouse no cadaleito. Escoitou como a chave daba volta. O corazón latexáballe con forza e empurrou inutilmente a tapa coas mans.

–Sacádeme de aquí!– berrou.

–Aí te quedas, cabrón!– contestou o máis vello e comezou a correr rindo coma un demo. Os outros foron detrás. Bateu cun pé nun dos paus de eucalipto preto do cadaleito e sacouno do sitio. O teito do alpendre afundiuse e Xesús escoitou o estrondo.

Cando chegou a policía municipal viron o rapaz máis vello no chan coa fronte esmagada. Un dos axentes escoitou un berro xordo: “acudide, acudide...!”. Viña do cadaleito. Pronto, deu volta á chave, abriu a tapa e Xesús ergueuse cos ollos medio abertos, cegados pola luz branca que o envolvía.

O cadáver do rapaz máis vello foi velado no tanatorio familiar antes de pechar as portas para ser derrubado.

A mensaxe dun trasno

Estrella C.B.



Unha aperta moi forte
para a familia de
"Terra de Outas"
Estrella Camino

Nun val da Galiza vivía unha nena chamada Manuela, que tódolos días pasaba moito tempo no bosque co seu cabalo. Un día, levou a incrível sorpresa de se encontrar cun trasno e, a partir de aí, pasan moitas cousas... ata puido falar con el.

Co tempo, Manuela tivo que partir. Anos máis tarde, cando xa era unha moza grande, regresou ó bosque e, outra vez, volveu ver ese ser máxico e, como Manuela xa medrara, deulle unha mensaxe para que a compartise coa humanidade....

Deolinda Gómez

1- A vida é un carrete de fío coa agulla ó lado para poder remendala.

Puntada a puntada, vai pasando o fío, cosendo e remendando nos tempos perdidos.

Dor da nostalgia, dor que dá a vida, e eu remendando o meu peito, no tempo do día.

2- Entre tarros e morteiros acaricio as súas beiras, lémbreme tantas cousas, vivencias da miña nenez, lembranzas de madurez.

Silencios rotos de esperas, gargalladas que resoan, mans doces que acarician, ollos tristes que te miran... palabras do pensamento, caricias doutros tempos entre tarros e morteiros.

Filipa

Manuela Campos

Sempre fora unha nena fráxil e enfermiza. Ás gripalladas, dores de barriga e de cabeza na infancia, sumáronse desenganos amorosos e depresións na mocidade. Aínda así, cando xa case non había esperanzas amorosas, conseguiu casar e formar unha familia; realmente, máis que crear unha o que fixo foi aumentar a da nai, pois ela non fora quen de responsabilizarse das tarefas familiares, de xeito que aos traballos de atender a filla, a casa, a horta e o marido que xa tiña a nai sumáronse xenro e tres netos. Si, porque era a avoa quen se erguía cedo para preparar o almorzo aos netos, para que a filla puidese quedar un pouco máis na cama; era a avoa a encargada de axudalos nas tarefas escolares, porque a nai tiña dores estomacais e tiña que descansar, así como de levalos ás revisións médicas rutineiras, porque xusto esa noite a filla sufrira unha forte dor de cabeza que a mantivera esperta toda a noite e pola mañá tiña que descansar. A avoa podía con todo. Era forte coma un carballo, a árbore patria para Rosalía e a

preferida de Zeus, unha árbore con un oco no grosso tronco que semellaba unha gorida para dar acubillo e protección a toda a familia; a árbore á que un día un fungo ataca as raíces e provoca a súa caída a pesar de que aparente en bo estado. Así era ela nese momento. Notaba que algo non ía ben, que as forzas fallaban, pero non podía admitir a súa debilidade. Sentía coma se no interior houbera un rato roe que roe e aí se mantivo, erre que erre, rexeitando a realidade para rematar resignándose ante o resultado. O diagnóstico era unha palabra maldita acompañada do peor adxectivo neste caso: irreversible. Dous ou tres meses. A vida xirou ao seu arredor. Ela? Como? Por que? Por un momento pasoulle pola cabeza que podía tratarse dun erro, que o médico puidera equivocarse de paciente ou de diagnóstico. Ela? Non podía ser! Pensou en tantas outras persoas que xa pasaran por iso e admitiu que a vida era así, que había que coller o touro polos cornos e enfrontalo da mellor maneira. Nada de choros nin lamentos, quedaba moi pouco



tempo para gastalo desa maneira; pola contra, os dous meses e medio que durou, nai e filla aproveitaron para dicírense os poucos segredos que quedaban entre elas; para expresárense todo o amor que sentían; revisaron os álbums de fotos e, unha a unha, lembraron os momentos felices que viviran. Déronse aloumiños e apertas. E consellos. "Carmela, sempre fuches unha nena delicada e eu estiven aí para sacarche as castañas do lume. Agora tócache facéreste cargo de todo. Eu sei que poderás, porque parte da culpa de que ti non puideras tívena eu. Quería quitarche traballo de diante, coidarte, e o que facía era que ti non te valeras. Querendo facerche ben, faciache mal. Pero sei que ti vas ser valente e poder co que se presenta; pensa como faría eu e colle forzas. Tes que ser forte. Coida dos nenos e do teu home e, sobre todo, coida do pai; cóidao moito e non permitas que sufra. Prométemo." O consello, e o rogo sobre todo, resoaban na mente de Carmela cando viu que o cadaleito da nai era introducido no nicho. Case se deixa ir pola emoción e a piques estivo de esvaecer, pero lembrou: "Tes que ser forte" e prometeu que o faría. Tocaba converterse no temoneiro daquel barco e non permitir que a tripulación fora á deriva. Coidou familia, casa e horta. Sacou forzas de onde pensaba non existían. E cumpriu a promesa que pedira a nai. E, dentro desa promesa, ía o coidado do pai. Vello e acamado, a demencia levouno a abandonar a lingua que lle aprenderan os avós e pasou a falar sempre en portugués, do mesmo xeito que, na súa mente, Carmela deixou de ser tal para se converter en Filipa. Carmela non entendía como o pai era capaz de falar en portugués, nunca alí estivera; se aínda fora francés, onde pasara unha tempada emigrado! E Filipa! De onde sacara ese nome? Ninguén na familia o levaba; non se coñecía na contorna unha muller chamada así. Nunca o escoitara. Filipa. Filipa? Unha cóbrega torceuse no seu estómago e a cabeza empezou a xirar como cando de nena ía nos cabaliños. Sentou e respirou profundo. Claro que na casa se pronunciara unha vez ese nome: Filipa. E lembrou a única vez que escoitara discutir a seus pais, de noite; non era quen de saber quen o gritara, pero si lembra que soou o nome de Filipa. Dúas semanas despois a nai anuncioulle que o pai tiña que marchar unha tempada. Ante a pregunta de por que a resposta, lémbrao ben, fora: "Porque é necesario para salvar a situación". Era nena, pero sabía que a xente emigraba por cuestións económicas, como fixera o veciño anos antes partindo para Francia, e así o aceptou. Agora comprendeno todo, ou case todo. Comprende dúbidas e preguntas que facía de nena, que estaban no seu subconsciente sen se dar conta. Comprende por que o pai en toda a tempada non escribiu nin unha soa carta. Preguntaba á nai por que non tiñan novas del, por que nin unha carta como facían outros emigrados e a nai sempre o desculpaba con que non tiña tempo. Nin unha soa carta nin unha tarxeta de felicitación polos seus tres aniversarios

que estivera ausente. Tanto como ela devecía, para saber do pai e, sobre todo, debía recoñecelo, para aumentar a súa recente colección de selos. Esperaba aqueles selos de Francia que nunca chegaron nin podían chegar; de facelo, serían doutro país. Claro que o pai non tiña tempo! Pero non polo traballo como ela pensara.

Comprende por que o pai non lle trouxera un chaveiro coa torre Eiffel como todos os que viñan de Francia e co que tamén ela poder presumir diante das súas amigas. Non. Trouxéralle uns brincos que nada lle dixeran e que agora recoñecía en cada unha das "ourivesarías" que vía en Portugal.

Comprende a cara de toxo que poñía seu pai cada vez que decidían ir a Portugal. Insistiran en que os acompañaran máis de unha vez e nunca aceptara, argumentado que "el, dos portugueses, non quería saber nada".

E tamén comprende que a doenza de corazón coa que o pai retornara non era remediada polo cardiólogo ao levaba anos asistindo cada mes; para curar a súa doenza era necesario outro especialista.

O que non chegou a comprender foi por que a nai fora quen de aceptalo; ou non era coñecedora de que a dona do corazón de seu pai non era ela? Sentiu rabia ao darse conta que nos últimos momentos da súa vida o pai poñía de manifesto o seu amor por outra muller que non era súa nai. Sentiuno como unha traizón cara a esa persoa que tantos aloumiños e coidados tivera con el. Pero debía cumprir a promesa que lle fixera á nai. Tiña que coidar del e, ante todo, non permitir que sufrira.

Ergueuse para mirar os niveis de azucre e saber se debía darlle un zume por estar moi baixo ou cantas doses de insulina era necesario administrar por estar alto. Tiña a diabete tan irregular que calquera das dúas situacións eran posibles. Colleulle o dedo encalcado de tanto pinchar e a pinga de sangue extraída daba como resultado unha glicosa de 47 mg/dl; era necesario que sorbera un pouco de zume. Colleu o dispensador de insulina e programou 10 unidades, a dose pautada pola doutora cando a glicosa superaba os 250 mg/dl. Introduciu a agulla no brazo e foi apertando, pouco a pouco, para que non sufrira, como lle pedira a nai. Fíxoo por el. Pola nai. Por todos.

SALON DE BELEZA
RODEIRO

Chus

Teléfonos para reservar hora
981 850 668 / 606 416 477

Manifestación a favor da sanidade pública. Serra de Outes 10/07/24

Manifesto: Polo persoal e dos servizos no Centro de Saude de Outes. “As persoas que nos concentramos hoxe diante do centro de saúde de Outes facémolo coa convicción de que é preciso que se escoite a voz da sociedade en relación aos recortes no persoal e nos servizos que prestan no centro de saúde do noso concello. Consideramos que a sanidade pública é un dos piares nos que se sustenta o benestar e o progreso das sociedades.

O centro de saúde de Outes leva sufrindo carencias no servizo de pediatría dende fai varios anos. Carencias que se manifestaron na non cobertura das baixas das profesionais que prestan este servizo e, dende fai uns meses, na redución das horas de atención, tendo as familias que desprazarse a Noia a partir das 12 h. Fai uns días soubemos que o Sergas decidiu mover á nosa pediatra para Noia, canto menos durante dous meses, debido ás baixas no servizo de pediatría en Lousame e Porto do Son. Non nos parece xusto, cremos que o Sergas debe cubrir esas baixas e que non deben ser as familias de Outes as que paguen a falta de médicos noutros centros.

Outra grande preocupación é a substitución das vacantes por xubilación que se van a producir antes de que remate 2024. Son, catro dos cinco médicos de familia que levan varios anos prestando os seus servizos en Outes os que se xubilan, e queremos que as súas vacantes sexan cubertas na súa totalidade. Sabemos que o Sergas só se compromete a cubrir dúas desas vacantes con estudantes MIR de último ano. Parécenos insuficiente e vai derivar en que a calidade asistencial se vexa resentida.

Somos conscientes de que existe unha carencia xeral de efectivos sanitarios que lle afecta a moitos concellos, por iso lle reclamamos a Xunta de Galicia, que é a administración competente na materia, que faga unha planificación adecuada que evite no futuro situacións como a actual, solicitámoslle que manteña o servizo de pediatría e que reforcé con máis profesionais as vacantes por xubilación dos nosos médicos de familia.”

Por unha sanidade pública e de calidade en Outes.



CONSTRUCCIÓNS BLANCO

**Traballos de
Albanería
e Cantería**



Teléfonos: 981 769 439 – 635 946 920

Boca de Oroña, nº 6 – Cando – 15.286 OUTES (A Coruña)

Páxina web: construccionblanco.com

facebook.com/construccionblanco/

Resignación

Ben, parece que seguimos indo á deriva, remitíndonos decote ás mesmas inquedanzas... pois só temos que poñer a orela e decatarnos de que o cidadán fai moitas preguntas en voz alta e non dá coas respostas..

Escoitamos de todo, dende que que necesidade hai de ter un Concello como o noso, de tres tenentes alcaldes, todo comenencias, e non acaban de ver resultados que avalen tales cargos, unha chupadeira, opinan, que se ían cambiar as cousas e ó final máis do mesmo, queda todo no papel... Os xestos dalgúns ós que nos temos referido dende esta páxina seguen coa mesma actitude, pois a aptitude non é competencia nosa decidir se a teñen ou tiveron nalgún momento pasado... entran todo tipo de dúbidas ó respecto, mais, como dicimos, seguen demostrando con esa actitude fanfarrona que, sen vergonza ningunha, largan as súas birras, de uniforme oficial, e non pasa nada... repetimos ben claro... noutros concellos non pasa... nin imaxinan alternar estando de servizo ou mesmo sen poñerse de paisanos, para entendernos!!... Que non hai un mínimo, e as autoridades competentes, os seus superiores, que son os que, arriba, eses tenentes alcaldes e alcalde, saben que pasa isto e non fan nada ó respecto..., son cómplices do seu comportamento.

Tamén nos chegou o descontento dalgúns pais e avós que non teñen onde deixar os fillos ou netos na gardería, porque non hai prazas suficientes, e teñen que desprazarse ata Ames ou Negreira... Son eses pequenos detalles que un se pregunta... tenentes alcaldes, 3... e prazas de gardería insuficientes... non hai presuposto!!! he he he... toda unha chanza...

E de últimas, por esta vez, oído de forma reiterada, que nos comen as herbas, parece que todo está eito, a bravo, sen goberno... as cuadrillas fuman coa ferramenta na man, dando unha imaxe pouco profesional... en fin, volvemos ó de sempre, actitude escasa en case todos os niveis... Resignación!!

Lusco e Fusco

ESTEFANÍA FORNÍS

Salón de masajes

Telf. 690 643 431

Río de Outes, 7
15230, Serra de Outes - A Coruña

 Salón de masajes Estefanía Fornís

ASÍ SI ...



Benditas subvencións!!

ASÍ NON ...



Casos reiterados dun descontrol total.

ASÍ TAMPOUCO ...



Cantas veces van... e nada!!

“AS RECEITAS DE TÍA JU “

GUIZO DE TENREIRA CON PATACAS

Ingredientes:

- carne de tenreira
- pemento
- allo
- patacas
- tomate
- viño branco
- faria
- cenoura
- aceite
- cebola
- pemento en lata
- colorante
- sal

Elaboración:

Salgámo-la carne e, deseguido, pasámola pola fariña e, nunha tixola cun bo chorro de aceite de oliva e uns allos picados, dourámola e reservamos. Nun picadeiro cuns dedos de auga, cando estea quente, vertémo-lo rustrido, que previamente fixemos nunha tixola cuns dentes de allo, unha boa cebola, pemento e tomate, todo moi ben picadiño. Tamén podemos engadirle un chopo xeneroso de viño branco ou coñac. Xa con todo isto listo, vertemos no picadeiro tanto o rustrido coma a carne. Será o intre de lle darmos cor cun sobre de colorante ou, se non, pemento doce ó gusto.

Iremos verificando ós poucos o estado de cocción da carne, mais, cando xa estea feita, retirámola a unha bandexa, pois darémolse uns minutos no forno para dourala outra vez.

Coa mesma, sumarémolse as patacas, a ser posible redondiñas e do mesmo tamaño, para que se fagan ó mesmo tempo. Cando estas estean no seu punto, volveremos engadila carne, dándolle uns meneos para que tódolos ingredientes se fusionen, cun resultado espectacular.

Acompañado cun vaso de viño tinto ou unha cervexa ben fría, chapeu!!



Julia Seijo

O CURIOSO INCIDENTE DO CAN Á MEDIANOITE

Mark Haddon
Sushi Books, 2013
284 páxinas

Rocío Otero

O curioso incidente do can á media noite parece un libro para nenos, pero realmente non o é.

Christopher ten quince anos, é experto en matemáticas pero ten dificultade para relacionarse con outras persoas. Non lle gusta que o toquen; para el, as cores teñen diferentes significados; e non entende o uso de frases feitas, refráns ou chistes. Odia as aglomeracións de xente e, se se pon nervioso, faise boliña e rosma para tapar o ruído do ambiente. Unha noite atopa o can da veciña morto e decide comezar unha investigación para descubrir o asasino, pero acaba descubrindo outras cousas que o levarán a alterar a súa metódica e ordenada vida.

Mark Haddon é un escritor que traballou durante un tempo con persoas que padecían discapacidades físicas e mentais e adquiriu o coñecemento sobre o autismo, que aplicou con acerto neste libro. Unha vez máis, este debería ser un libro de obrigada lectura para entender un pouco como funciona a mente das persoas autistas.



Un espellismo

A ledicia apenas se escoita, a propia esencia do momento dilúese no propio momento, un intre... un orballo, un tempo confiado, pouco máis se pode abrazar con tanta ledicia que compense todo o sufrido, o vivido traxicamente e dalgunha maneira doente na carne do espírito, tan esperanzado, consecuencia dos sentimentos engarzados no propio espírito, sen forzas, rompendo os ritmos do propio tempo, acompasados na súa propia dor, enchendo, coma se dunha fonte se tratase, dunha primavera nova e certa que non espera por ninguén... decadente, con tristura, con medo, semellante a un grito na noite, onde ninguén acode por moito que esperes... momentos terribles, fríos... en soidade.

Deus nos aparte dos abismos da mente, traizoeiros, ladróns da propia existencia vital, deambulan como fantasmas dentro de nós, calados, dominando, triunfantes, sempre presentes nese ángulo morto que todos temos, dando pé a loitas e misterios sen resolver, sen a luz precisa para distinguir a sutil navallada, a desconfianza que nos agride no máis dentro de nós, profanando os sitios máis privados e calados, nesa estancia de sombras e baleiros, sempre noite, sempre calada, de escaso romanticismo, mais nalgunhas ocasións adéntranse nunha mistura de confianza e beleza, reclinando unha paisaxe doce e sosegada, para nada que ver coa propia realidade... Un espellismo...

Xastre



A voltas co Pampallín: sobre a recuperación dunha tradición senlleira dos outenses.

Luís del Río

INTRODUCCIÓN.

Falarlle do Pampallín a un veciño do concello de Outes é falarlle dunha festa que lle é sobradamente coñecida; e non como algo antigo, remoto, vago, senón como unha celebración de plena actualidade.

Podería quedar aquí a cousa, pero o certo é que, cando se pretende dotar este popular evento dun contexto etnográfico e histórico, lonxe quedan as discotecas móbiles e os seus excesos asociados que marcaron o seu decorrer nas últimas décadas.

Efectivamente, os nosos maiores viviron o cambio dunha época e con el presenciaron como morría un tradicional culto de bendición da colleita (onde o lecer tiña un papel crucial) e quedaba substituído por unha festa moi querida polo pobo pero descontextualizada e desconectada das súas orixes.

Coa fin de recoller unha tradición a piques de caer no esquecemento, o Concello decidiu este ano 2024 reincorporar certos elementos que dotasen o Pampallín do seu sentido orixinal, e é neste momento cando se fai preciso un labor de recollida que faga posible actuarmos co meirande rigor posible.

O SENTIDO “ORIXINAL” DO PAMPALLÍN

Tal e como se adiantara, nos nosos días non é preciso remontarse a estudos históricos antigos para descubriremos que o Pampallín foi un culto de bendición das colleitas que se celebrou no ámbito popular, autoorganizado e despojado de todo o folclore ata a década dos anos 60 ou 70 aproximadamente; e sabémolo porque son sobrados os testemuños vivos de veciños e veciñas que nos falan deles.

Así, por exemplo, coñecemos que, na parroquia de Santo Ourente de Entíns, o día 30 de abril, os rapaces e rapazas máis noviños comezaban a cerimonia espaxando nas agras auga bendita previamente recollida na Pascua. Despois, ó se poñe-lo sol, os mozos e mozas prendíanlles lume a uns fachuzos mentres andaban pola agra adiante e cantaban:

*“Oh pampallín, oh pampallá,
Aluméalle ao meu pan.
Que teña espigas coma carballos
E os grans coma bugallos.”*

Era esta unha celebración moi querida por eles e elas, xa que era festa, non os vixiaban na casa e aproveitaban para “face-lo mal”, por exemplo queimando palleiriños da herba da serra dos veciños. Ademais, tamén aproveitaban a ocasión para mocear.

Tanto a cantiga recitada coma os elementos deste acto en si presentan numerosas variantes, case tantas coma lugares onde decorría; e noutras parroquias do concello foron sempre populares as laradas.

Neste sentido, na última época en que a festividade local se asociou ó lume (arredor dos anos 70), espallouse en tódalas parroquias a celebración con laradas, nunha sorte de competición entre lugares para demostrar quen a facía máis grande. Desafortunadamente, isto foi o comezo da súa decadencia e asociouse a queimar produtos tóxicos, como os pneumáticos, que son moi contaminantes pero botan un fume negro moi intenso.



Noite de Walpurgis, gravado de Johann Heinrich Ramberg (1829)

Como se comprenderá, neste últimos anos morrera a sociedade tradicional agraria e xa non tiña sentido bendici-lo pan, posto que pouca xente o botaba xa, o cal levou a este escenario relatado que culminou coa case total perda da tradición.

UN SENTIDO HISTÓRICO PROFUNDO E UNHA TRADICIÓN PARA REVISAR

Aínda que poida semellar esta unha festa sen interese, son múltiples as fontes históricas que nos fan outorgarlle un contexto riquísimo no aspecto antropológico. A primeira conexión, máis antiga e mellor documentada, é a da cultura romana, da cal somos herdeiros e que constitúe unha parte moi importante do noso acervo cultural.

Para os romanos, o día 19 de abril abríase o ciclo do maio, que comezaba coa festividade de Ceres e remataba o 19 de maio coas ambarulas.

Ademais, é evidente que está emparentada co Walpurgis Night, propio do centro e norte de Europa, que transcorre a noite do 30 de abril ó 1 de maio, que celebra o paso do inverno á primavera e que é tremendamente coñecido na cultura anglosaxoa (e, conseguintemente, na cultura pop globalizada mundial) como noite das bruxas, dos vampiros e outros demos. Este aspecto último foi consecuencia da demonización dunha festa pagá, que buscou afasta-lo pobo de tradicións que se entenderon incompatibles co monoteísmo cristián.

Aproveito este punto para matizar un par de asuntos que reconecten o sentido da celebración no concello de Outes.

Un deles é que, se ben é certo que no s. XX eran nenos e mozos quen tomaban parte neste ritual, todo parece indicar que isto é consecuencia da súa incompatibilidade co dogma de Roma. Quero dicir con isto que estamos a falar dun rito eminentemente pagán en que non estaría ben visto que participase un adulto, o cal non acontece co “inimputable” mozo.

Recolleuno deste xeito Clodio González Pérez nun artigo da revista Gallaecia (USC) do ano 1988, quen preguntou para que se facían estas laradas e fachuzos e obtivo principalmente como resposta que era para “divertirse e ter boa colleita” ou “para escorrenta-las meigas” (entre outros), o cal demostra que tiña unha finalidade práctica.

Por último, é mester indicar que, se ben é certo que co nome de pampallín só se coñece na zona do concello de Outes e lindeiros (en Roo recolleuse o termo paupullín), a realidade é que é parte das coñecidas como danzas do pan que se celebraron nos mesmos termos (lume, cantigas, datas...) en Rois, Dodro, Brión, Ames... ata o séc. XX.



Celebración do Pampallín no ano 2024 na Serra de Outes.

PRECISÁMO-LA TÚA AXUDA

Acaba de exporse unha breve presentación dun tema moi profundo que demostra ser digno dun estudo minucioso.

Para este obxectivo, son precisos os traballos de campo en que se fale cos maiores que poidan contar como vivían eles o Pampallín.

É por isto que se lle prega a vostede, lector, que, se dispón de fotografías ou relatos desta festa, anteriores ós anos 90, faga o favor de remitilas ó seguinte enderezo electrónico: luisdoriopena@gmail.com.

Moitas grazas pola súa colaboración

Terra de Outes, alén da ría.

Alberto Martínez

Asociación Terra de Outes e da Xunta Directiva de Culturmar.

Un dos obxectivos de Terra de Outes é dar a coñecer o noso patrimonio marítimo fóra da Galiza, para o que procuramos participar en tantos eventos sobre a cultura marítima como podemos. Este ano tocou visitar Portugal da man de Culturmar, que organizou sendas expedicións a Vila do Conde e Esposende.

A primeira viaxe foi ao **XII Encontro e IX Exposición Embarcacións tradicionais de Vila do Conde**, que se celebrou no Cais da Alfandega os días 13 e 14 de Abril. As navegacións realizáronse no esteiro do río Ave, onde o Langaño e outras 5 embarcacións de Culturmar se sumaron ás embarcacións portuguesas.

A programación incluíu: palestras, mostras de embarcacións tradicionais a flote e en terra e de oficios tradicionais ligados ao mar, un fermoso desfile nocturno luminoso na noite do sábado, e unha regata a remos na que acadamos o 3º posto nunha competición moi disputada.

A segunda viaxe, tamén co Langaño, levounos ao **XIII Encontro de Embarcacións**



Procesión Virxe do Carme Esposende

Tradicionais de Esposende do 31 de maio ao 2 de xuño

Ademais das navegacións no río Cávado, puidemos participar nalgunhas das actividades propostas: visualización do filme Mar Maior, un documental sobre os pescadores portugueses na pesca do bacallau, visita ao Auditorio do Museo Marítimo de Esposende, palestra "A Arte da Construção Naval" e participación na procesión da Virxe do Carme até a foz do Río.

Neste encontro participamos 8 embarcacións de Culturmar.

Agradecemos aos nosos veciños portugueses a súa hospitalidade e a Culturmar a oportunidade, unha vez máis, de amosar o noso patrimonio alén da nosa ría.



Entrega copa Vila do Conde

Xogando co mar e co vento: Navegación con escolares.

Pepe Sacau

Asociación Mar de Muros e Presidente de Culturmar.

O pasado mes de xuño tivemos ocasión de gozar dunha nova edición das xornadas dedicadas á divulgación da vela tradicional e da cultura mariñeira entre escolares.

Foron 3 xornadas organizadas pola Consellaría de Educación dentro do programa XOGADE, coa colaboración do Club Náutico de Portosín e do Náutico do Freixo, dependente do Concello de Outes, e que contaron como nas edicións anteriores coa presenza dos barcos tradicionais da nosa ría, patroneados polos membros das asociacións Terra de Outes e Mar de Muros.

Participaron nelas varios grupos de diferentes idades, baixo o nome xenérico de "Xogando co mar e co vento": un grupo do IES Plurilingüe Fontexería de Muros, un grupo do CEIP Plurilingüe Outes e un grupo do CEIP Plurilingüe A. Rodríguez Cadarso de Noia.

A actividade resultou como sempre un éxito, e permitiu que as novas e novos tripulantes experimentasen as manobras do barco, o coñecemento das condicións de mar e vento, o manexo da cana e os rumbos, a identificación das marcas xeográficas para a navegación pola enseada de Broña e a súa toponimia, o léxico relacionado coas embarcacións e coa navegación ..., en fin, unhas xornadas que achegan ás novas xeracións unha cultura e unha forma de vida que lles é propia por formar parte da esencia das nosas comunidades litorais, inseparábeis do mar que penetra no máis profundo dos nosos lugares e das nosas vidas.

Non faltaron as anécdotas e os episodios máis divertidos, como tampouco as emocións desatadas especialmente cando Manoliño, o noso arreas residente, se uniu á frota para navegar de barco en barco e provocar os momentos máis intensos, expresados nunha frase que ben podería resumir esta nova experiencia: "é o mellor día da miña vida", dixo unha das novas patroas que, á cana do barco e coa escota cazada, apenas podía pousar os pés no engaretado.



Parecía imposible pero fíxose real.

Mariluz Barreiro

Asociación Mar de Muros.

Entre o 28 e o 30 de xuño 2024 celebrouse a II Feira Náutica do Freixo cun eito de actividades ben interesantes tanto no mar coma en terra. E, nas de mar, algunhas persoas tivemos a fortuna e o privilexio de asistir a un momento máxico e único, o da botadura dunha nova embarcación.

Como vén sendo habitual, as botaduras soen facerse en encontros de embarcacións para darlle así ao acontecemento un contexto máis festivo, á par de cerimonioso, pola importancia simbólica que ten e pola contribución real ao patrimonio marítimo e fluvial, ao verse este enriquecido cunha nova embarcación. Para assistirmos ao evento, na navegación do sábado á mañá puxemos proa cara o Estaleiro de Ciprián. Alí, na rambla deste espazo museístico da carpintería de ribeira repousaba a dorna polbeira que ía botarse ao mar. Pouco a pouco foron chegando algunhas das súas futuras compañeiras de navegación: a Támara e o Langaño de Outes portando nas velas a imaxe do poeta Añón; as bucetas muradas Visenta e Mar de Muros, a dorna xeiteira Lavanqueira da Illa de Arousa e a Reina chegada de Sada, entre moitas outras. As tripulacións estabamos ansiosas e felices por assistirmos ao espectáculo que ía producirse, polo que fondeamos e, con entusiasmo e emoción, observamos a esperada botadura neste máxico lugar.

E por que falamos da maxia? Este fermoso espazo natural da Seca de Broña está xa para sempre asociado a dous grandes autores das nosas letras: Francisco Añón, da banda norte (de Boel, en Outes) e da banda sur, Antón Avilés de Taramancos (en Noia). Ao relermos algúns dos seus versos, sentimos unha enerxía especial e un encantamento espacial que quizais poida relacionarse coa restauración desta dorna que parecía imposible pero fíxose real.

Máxicas son as palabras de Antón Avilés de Taramancos para se referir aos carpinteiros de ribeira do Freixo, tal e como expresa neste marabilloso poema.

*"Na outra banda do mar construen o navío:
o martelar dos calafates resoa na mañá, e non saben
que están a construír a torre de cristal da miña infancia.
Non saben que cada peza, cada caderna maxistral
é unha peza do meu ser. Non saben
que no interior da quilla está a médula mesma
da miña espiña dorsal; que no galipote a quencer
está o perfume máxico da vida.
Que cando no remate ergan a vela, e na enxarcia
tremole vagorosamente no ar
será o meu corazón quen sinta o vento,
será o meu corazón".*

E Francisco Añón describiu un frechazo neste soneto, "Amor apresurado"

*Miráchesme, miréiche, nos miramos;
Sorríchesme, sorrínme, os dous sorrimos;
N'os nosos ollos nosa imaxen vimos:
Ti n'os meus, eu n'os teus nos retratamos,*

*Desde entonces d'amor nos abramos;
Un mesmo gusto ou pena os dous sentimos,
E anque a paraxes diferentes imos,
Decote n'o camiño tropezamos.*

*Xa que d'o corazón libres dispomos,
Ós páxaros d'os bosques imitemos,
Que os niños fan entre ramaxe e gomos;*

*Nosa doce ventura apresuremos,
Que a vida é curta e responsables somos
D'o tempo tan precioso que perdemos.*

Aquí, na conxunción destes versos, é onde se produce definitivamente a maxia, na intervención necesaria e imprescindible de Juan, o grande protagonista desta magna obra, a restauración da dorna. Podería dicirse que Juan Padín, un dos afouts patróns da asociación Terra de Outes, tamén sentiu o encantamento deste lugar e enfeitado por esta enerxía, fose quen de reconstruír o navío coas súas propias mans.

Sen ser carpinteiro de ribeira nin ter coñecementos previos sobre o oficio, Juan sentiu o frechazo por esta dorna e dedicoulle durante varios meses o seu esforzo e entusiasmo, o seu amor entregado e demorado, cociñando a lume lento e refacendo *cada peza, cada caderna maxistral*, converténdoas nunha *peza do seu ser*. Nesa *doce ventura* entregoulle *o tempo tan precioso* e traballou arreo para poñerlle o ramo á obra e deixar a dorna lista para a botadura.

Finalmente, tras as palabras pronunciadas en terra ao pé do estaleiro, a dorna foi botada ao mar. E ao vermos a Juan embarcado nela todos sentimos a súa felicidade e o orgullo de ver chegar a obra a un bo fin. Agradecemoslle o seu entusiasmo, así como o arduo traballo, por conseguir facer realidade este proxecto tan fermoso. E nós, fachendosos e afortunados por compartilo con el, pois foi un momento realmente emocionante, máxico e inesquecible.

Desexámoslles moitas e boas singraduras a Juan Padín e tamén á nova dorna da asociación Terra de Outes. Vento nas velas!



A dieta atlántica de Añón (III)

Ramón Blanco

Cal no xogo da oca (en galego normativo “ganso”) imos tirando de festa en festa e do Pampallín chegamos ao Santiaguíño, tras pasar polo San Xoán, cando “xa a sardiña molla o pan”. Ou, mellor aínda, a boroa, pois igual ca o caldo, para esfarelar nel, a sardiña demanda boroa onde untarlle a graxa. Deste xeito a rebanda volve adoptar a función de prato que tiña hai séculos e o larpeiro afortunado emula na sardiñada popular o astroso urbanita que xanta mentres deambula, con tanta despreocupación como aburrimiento, unha hamburguesa ou un bocadillo de salchicha do *food truck*; se o pan dexenerou tanto nos últimos anos, que dicir xa do pan (?) empregado como envoltorio na comida rápida. Mais iso xa é fariña doutro saco.

Nestas estamos cando un novo número da revista deixa atrás outro e volvemos botar os dados e os dedos sobre o teclado. Entre tanto viu a luz unha nova entrega dedicada aos hórreos do concello, desta volta Xoán Mariño publica con Terra de Outes o libro onde estuda os de San Cosme (parroquia famosa non só polas cebolas, senón tamén por darlle nome a un forno comercial de calidade, por non falar do sancosmeiro, sexa barco ou sombreiro; aínda que haxa debate en canto ao chapeu, non esquezamos que tamén é produto derivado do cereal). E que facemos nós? Desde logo moito menos: seguimos a falar da presenza do pan na obra de Añón.

Retomamos o alimento do que xa falabamos no primeiro artigo da serie: a boroa, ou broa, pois así lle chaman tamén en Portugal e no Brasil. A base é a mestura de millo e trigo ou centeo. “Broa” deriva da voz gótica “*braup*”, literalmente “pan”, como é “*bread*” no inglés. A receita pode variar algo no Brasil, onde acostuman aderezala con fiúncho, mais estamos ante o que poderíamos considerar o pan da lusofonía, se deixamos á parte o *cornbread* do sur dos

Estados Unidos (o pan de millo polo que devecen os personaxes das novelas e dos filmes ambientados no rural norteamericano), o cal, de por parte, contén un fermento químico e non o natural que esixe unha boroa luso-galaica. Estas curiosidades atopámolas na *Wikipedia*, en cuxa entrada se nos lembra: “Na novela *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas, o autor sinala as preocupacións de Balbino ao comer pan de millo (á súa nai “sentáballe mal a broa”), mentres os nenos de familias máis adiñeiradas podían mercar “pantrigo”. Así é, van alá tantos anos desta lectura iniciática e aínda nos acordamos do episodio cada vez que saboreamos a boroa. Como a madalena de Proust, o pan de millo devólvenos a unha infancia aínda algo campesiña, a un mundo que se resistía a desprenderse dos lazos que o ataban ao pasado. Vellas potas sen cu servían de molde para cocer e unhas follas de verdura impedían que a masa pegase no forno. Quen viu cocer nun forno de pedra asistiu a unha eucaristía. “Los rústicos comen poco pan de trigo, lo más común que comen es pan de maíz”, escribiu o Padre Sarmiento. Dous séculos despois na casa de Balbino non podían mercar pantrigo. E nós só tivemos que interromper momentaneamente a redacción deste texto para baixar á rúa, só cruzala e xa entrar na panadaría (en realidade despacho de pan) para mercar o antollo: neste caso boroa. Comemos un anaco, non notamos ningún dos síntomas afrodisíacos que lle apoñía un coñecido hostaleiro outense, e seguimos a teclear.

Despois de Sarmiento e antes ca Neiras Vilas tamén autores da importancia de Rosalía de Castro ou Castelao retrataron o imaxinario socioeconómico dos pobres arredor do pan de trigo. Deixou sentenciado a cantora do Sar: “Unha muller sin home,/ ¡Santo bendito!./ é corpiño sin alma,/ festa sin trigo”. E escribiu o ilustre rianxeiro: “Vexo aos nenos, loiros e bonitos, a comeren pantrigo con mel e manteiga”. Remitimos á lectora interesada ao proemio de Xesús Alonso Montero incluído nas últimas edicións de *Memorias dun neno labrego* (epígrafe 5: “Balbino e o pantrigo”). Algunhas destas atinadas reflexións puidemos coñecelas de viva voz, cando tivemos a sorte de frecuentar as súas aulas. No vindeiro número amosaremos sequera unha ou dúas mostras da poesía de Añón onde rastrexar socioloxicamente o imaxinario das clases populares arredor da gastronomía cerealística. Porque agora xa quedamos sen espazo, que é coma quen queda sen pan.



Forno de Patricio, na rúa Condese (Foto: Carmela Queijeiro, *La Voz de Galicia*). No verán de 2020 rematou a súa actividade comercial esta tafona artesá noíesa con posíbel orixe medieval. Cantos manxares brotarían destas pedras! Os novos tempos arrasaron tamén coas usanzas do pan.